

www.turismo.gal

PRIMAVERA DE PORTAS ABERTAS



**RUTA DO VIÑO
MONTERREI**
Do 8 ao 10 de maio



**RUTA DO VIÑO
VALDEORRAS**
Do 15 ao 17 de maio



**RUTA DO VIÑO
RÍAS BAIXAS**
Do 22 ao 24 de maio



**RUTA DO VIÑO
RIBEIRA SACRA**
Do 29 ao 31 de maio



**RUTA DO VIÑO
RIBEIRO**
Do 5 ao 7 de xuño



PRIMAVERA DE PORTAS ABERTAS

En qué consiste?

Trátase dun programa de actividades de enoturismo desenvolvido, de maneira conxunta e simultánea, nos cinco grandes territorios vitivinícolas galegos: Monterrei, O Ribeiro, Rías Baixas, Ribeira Sacra e Valdeorras. Durante cinco fins de semana entre os meses de maio e xuño poderás facer visitas guiadas e gratuítas ás adegas participantes nesta promoción. Todas terán as súas portas abertas para ti durante a fin de semana da campaña*.

Ao finalizar a visita ofreceranche como agasallo unha degustación dalgún dos seus viños.

Tamén atoparás diferentes establecementos de restauración onde poderás escoller menús concibidos especialmente para esta ocasión, harmonizados con viños da Denominación de Orixe na que te atopas.

En cada Ruta poderás realizar ademais un completo plan de actividades durante a fin de semana: autobuses do viño, catas comentadas, visitas a museos, rutas monumentais, paseos en barca, descontos en aloxamentos e outras accións relacionadas co mundo do viño.

*Realizaranse tres visitas guiadas o sábado e unha o domingo, co seguinte horario de atención ao público:

- Sábado: 11.00 h, 12.30 h e 17.00 h
- Domingo: 12.00 h

Recoméndase confirmar as visitas ás adegas previamente por teléfono

Nas redes sociais de Turismo de Galicia realizaremos tres concursos por cada Ruta do Viño nos que sortearemos en total 15 premios consistentes no aloxamento da noite do sábado para dúas persoas en cuarto dobre nun dos establecementos asociados participantes máis o xantar do domingo nun restaurante socio da Ruta.

Sigue as nosas redes sociais e participa!

<https://www.facebook.com/Turgalicia>
Instagram: @turismodegalicia
www.turismo.gal





ruta do viño do
ribeiro

PROGRAMA ESPECIAL DE ACTIVIDADES PRIMAVERA DE PORTAS ABERTAS

Do 5 ao 7 de xuño

MÁIS INFORMACIÓN:

Ruta do Viño do Ribeiro

www.rutadelvinoribeiro.com

ruta@rutadelvinoribeiro.com

Buses do viño

O sábado 6 de xuño sairán autobuses dende Ourense, Santiago de Compostela, Vigo e A Coruña. O domingo 7 de xuño sairán desde Vigo, Santiago de Compostela e Ferrol. En cada ruta visitarase algunhas das adegas participantes na Primavera de Portas Abertas e parte do patrimonio vitivinícola. En todo momento os asistentes estarán acompañados por un guía turístico.

Prezo: 10 € / adulto - 5 € / nen@ (de 3 a 13 anos)

O xantar non está incluído

Prazas limitadas, reserva previa obrigatoria

Reservas: ataquilla.com

Sábado | 6 de xuño

AUTOBÚS	SAÍDA	VISITAS	REGRESO
1	10.00 h Ourense (Plaza de San Lázaro) 10.15 h Estación de tren de Ourense	11.00 h Adegas Celme 12.45 h Granxa D'Outeiro (adega) 14.30 h Xantar opcional en Ribadavia ou no restaurante Alfonso V 16.45 h Pazo de Vieite (adega) 18.15 h Licores Os Maios	19.00 h
2	09.15 h Santiago (Dársena de Xoan XXIII)	11.00 h Adegas Pousadoiro 12.30 h A Vilerma (adega) 14.15 h Xantar opcional no Carballiño 16.15 h Cuñas Davia (adega) 17.45 h Senda fluvial do Avia	19.00 h

AUTOBÚS	SAÍDA	VISITAS	REGRESO
3	09.30 h Vigo (R/Areal, antigo reitorado)	11.00 h Viña Costeira (adega) 12.30 h Casal de Armán (adega) 14.00 h Xantar opcional en Ribadavia 16.15 h Casal do Canteiro (adega) 17.45 h Museo do Viño de Galicia	19.00 h
4	09.00 h A Coruña (parada de bus Praza de Ourense)	11.00 h Ramón do Casar (adega) 12.30 h Bodegas Cunqueiro 14.15 h Xantar opcional en Ribadavia 16.15 h Barrio Xudeo de Ribadavia 17.45 h Visita teatralizada en Castrelo de Miño	19.00 h

Domingo | 7 de xuño

AUTOBÚS	SAÍDA	VISITAS	REGRESO
1	09.30 h Vigo (R/Areal, antigo reitorado)	11.00 h Ramón do Casar (adega) 12.30 h Granxa D´Outeiro (adega) 14.00 h Xantar opcional en Ribadavia ou no restaurante Alfonso V 16.00 h Barrio Xudeo de Ribadavia 17.15 h Pazo de Vieite (adega)	18.45 h
2	09.30 h Santiago (Dársena de Xoan XXIII)	11.00 h Bodegas Cunqueiro 12.30 h Casal de Armán (adega) 14.00 h Xantar opcional en Ribadavia ou no restaurante Sábrego 16.15 h Cuñas Davia (adega) 17.30 h Museo do Viño de Galicia	19.00 h
3	09.30 h Ferrol (Praza de Galicia)	11.30 h Adegas Celme 13.00 h Adegas Pousadoiro 14.30 h Xantar opcional en Ribadavia ou no restaurante Alfonso V 16.30 h Visita teatralizada á aldea vitivinícola de Beade 18.00 h Licores Os Maios	18.30 h

A organización resérvase o dereito a modificar o programa en función da dispoñibilidade dos espazos e establecementos a visitar, así como a anular algunha das actividades ou rutas do bus en caso de non chegar a un mínimo de 10 participantes. Tamén se poderán anular actividades por cuestións meteorolóxicas. As visitas ás adegas inclúen degustación de viño. O xantar non está incluído. Importante levar roupa e calzado cómodos. Os horarios de regreso son aproximados.

AS ORIXES DO VIÑO

A Ruta do Viño propón unha andaina desde Astariz ata o Castro de Santa Lucía, e volta. Inclúe degustación de viño e petiscos en Adegas Celme.

- 🕒 Sábado 6 de xuño, de 10.30 ás 13.30 h
- € 10 € | Venda de entradas en ataquilla.com
Dificultade media | Aforo limitado
Inscripción previa obrigatoria
- 📍 Astariz (Castrelo de Miño)
- 📄 **MÁIS INFORMACIÓN:**
Ruta do Viño do Ribeiro
www.rutadelvinoribeiro.com
ruta@rutadelvinoribeiro.com

SONS DO VIÑO

Concerto promovido pola Asociación da Ruta do Viño do Ribeiro, harmonizado con viños da D.O. O Ribeiro acompañados por petiscos elaborados por restaurantes pertencentes á Ruta.

- 🕒 Sábado 6 de xuño, de 19.30 a 22.00 h
- € 10 € (2 € son de depósito pola copa. Serán reembolsados ao devolver a mesma)
Venda de entradas en ataquilla.com | Aforo limitado
- 📍 Igrexa da Madalena (Ribadavia)
- 📄 **MÁIS INFORMACIÓN:**
Ruta do Viño do Ribeiro
www.rutadelvinoribeiro.com
ruta@rutadelvinoribeiro.com

VISITA TEATRALIZADA AO TEMPLO DA VERACRUZ

A Ruta do Viño do Ribeiro organiza unha visita guiada e teatralizada ao Templo da Veracruz, obra do arquitecto Antonio Palacios, ubicada no Carballiño.

- 🕒 Sábado 6 de xuño, de 20.15 a 21.15 h
- € 4 € | Venda de entradas en ataquilla.com
Aforo limitado
- 📍 Templo da Veracruz (O Carballiño)
- 📄 **MÁIS INFORMACIÓN:**
Ruta do Viño do Ribeiro
www.rutadelvinoribeiro.com
ruta@rutadelvinoribeiro.com



RALLY FOTOGRÁFICO NAS RIBEIRAS DO MIÑO

A Ruta do Viño propónnos facer unha andaina de ida e volta desde a zona termal de Barbantes ata Razamonde, facendo unha degustación de viño e petiscos no establecemento Gandarela Turismo Rural. Os participantes poderán facer fotografías coas que poderán realizar un concurso en RRSS.

- 🕒 Domingo 7 de xuño, de 10.00 ás 13.30 h
- € 10 € | Venda de entradas en ataquilla.com
Aforo limitado | Inscripción previa obrigatoria
- 📍 Ribeiras do Miño en Barbantes
- 📄 **MÁIS INFORMACIÓN:**
Ruta do Viño do Ribeiro
www.rutadelvinoribeiro.com
ruta@rutadelvinoribeiro.com

ARTE E VIÑO

Obradoiro de decoración de copas de viño con diferentes técnicas de pintura, acompañado dunha visita guiada á adega Viña Costeira, incluíndo maridaxe de viños da D.O. Ribeiro e uns queixos galegos.

- 🕒 Domingo 7 de xuño, de 12.00 ás 14.30 h
- € 15 € | Venda de entradas en ataquilla.com
Aforo limitado | Inscripción previa obrigatoria
- 📍 Adegas Viña Costeira (Ribadavia)
- 📄 **MÁIS INFORMACIÓN:**
Ruta do Viño do Ribeiro
www.rutadelvinoribeiro.com
ruta@rutadelvinoribeiro.com

MUSEO DO VIÑO DE GALICIA

Visita guiada na que se incide na historia e no proceso produtivo do viño en Galicia. No percorrido inclúese o acceso á sala de prensado na que tradicionalmente se emprazaban os lagares e á antiga adega do edificio.

- 🕒 Venres 5, sábado 6 e domingo 7 de xuño, de 10.00 ás 14.30 h e de 17.00 a 20.30 h
- € De balde
- 📄 **MÁIS INFORMACIÓN:**
Museo do Viño de Galicia
Tel.: 988 783 075
<http://museovinogalicia.xunta.gal/gl>
informacion-museodovino.cultura@xunta.gal

OFICINA DE TURISMO MUNICIPAL DE OURENSE

Punto de información turística sobre o concello de Ourense.

- 🕒 Venres 5 de xuño, de 09.00 ás 14.00 h e de 16.00 a 20.00 h | Sábado 6 e domingo 7 de xuño, de 11.00 ás 14.00 h
- 📍 Praza de San Martiño, 2 (Ourense)
- 📄 **MÁIS INFORMACIÓN:**
Oficina de Turismo Municipal de Ourense
Tel.: 988 366 064
www.ourense.gal/turismo
turismo@ourense.es



VISITA DE RIBADAVIA

A empresa de servizos Genuine Galicia ofrece unha visita guiada pola capital do Ribeiro, na que coñeceremos a súa historia, etnografía e a cultura do viño no Ribeiro.

- 🕒 Venres 5 de xuño, ás 19.30 h
- € 5 € / adulto
De balde para menores ata 16 anos
- 📍 Saída desde a Oficina municipal de Turismo de Ribadavia
- 📄 **MÁIS INFORMACIÓN:**
Genuine Galicia
Tel.: 675 558 545
www.genuinegalicia.com
info@genuinegalicia.es



ACTIVIDADES DE ADEGAS CELME

MARIDAXE CELMÚ CON A! DE ARTESANÍA

Descubriremos o único vermú artesán ecolóxico elaborado con variedades autóctonas galegas e recoñecido co selo de Artesanía Alimentaria. Unha proposta de maridaxe onde o Celmú se une cunha selección de produtos artesanais co selo A! para crear combinacións cheas de identidade e saber e sabor galego. Unha experiencia para descubrir e gozar con tódolos sentidos. GozA! do Celmú!

- 🕒 Venres 5, sábado 6 e domingo 7 de xuño ás 12.30 h
- € 32 €

CELME TOSTADO. HISTORIA E TRADICIÓN

Descubre un dos grandes tesouros do Ribeiro: o viño Tostado. Un percorrido pola súa historia, a súa elaboración artesanal e o valor dunha tradición a piques de desaparecer. Unha experiencia para entender por que este viño naturalmente doce é parte da nosa memoria vitivinícola e selo de identidade de Celme.

- 🕒 Venres 5, sábado 6 e domingo 7 de xuño ás 16.00 h
- € 37 €

CATA DE EVOLUCIÓN ECOLÓXICA

Unha viaxe polos viños ecolóxicos de Adegas Celme a través do tempo. Cata guiada para descubrir como a terra, o manexo sostible e o respecto pola viña transforman o viño en cada colleita cun selo de garantía ecolóxica. Proba, compara e entende a evolución natural dun viño, vivo, ecolóxico, un viño Celme!

- 🕒 Venres 5, sábado 6 e domingo 7 de xuño ás 18.00 h
- € 29 €

- 📄 **MÁIS INFORMACIÓN:**
Adegas Celme
Tel.: 639 081 810
www.adegascalme.com
comunicacion@adegascalme.com



CATA COMENTADA

Visita guiada á antiga casa de labranza Gandarela Turismo Rural, que conta cunha adega restaurada do s. XVII. Ubicada en Carballeda de Abaixo, no corazón do Ribeiro, está situada entre pequenos socialcos de antigos viñedos. Coñeceremos a súa historia e poderemos degustar tres viños singulares da colección Elixir de Gandarela, todos elaborados a partir da variedade Treixadura. A cata irá acompañada dunha selección de produtos locais: empanada, embutidos, queixos, pan artesán e bica tradicional.

🕒 Venres 5, sábado 6 e domingo 7 de xuño, ás 12.00 h

€ 22 € | Necesaria reserva previa

Grupo mínimo: 4 persoas

📍 MÁIS INFORMACIÓN:

Gandarela turismo rural

Tel.: 657 860 455

www.gandarela.es

reservas@gandarela.es

APERITIVO CON VERMÚ ARTESANAL

A adega Cuñas Davia ofrece un aperitivo de diferentes produtos galegos nun Menú km 0 -que consta de sardiña afumada, queixos madurados, embutidos de porco celta ecolóxico e torta de queixo de elaboración propia-, harmonizado con vermú artesanal elaborado pola propia adega. Esta actividade inclúe a visita ao viñedo e ás súas instalacións.

🕒 Sábado 6 e domingo 7 de xuño, ás 12.00 h

€ 55 €

📍 MÁIS INFORMACIÓN:

Adega Cuñas Davia

Tel.: 669 892 681

www.vinosdoribeiro.es

enoturismo@adegasvaldavia.com

PICNIC ENTRE VIÑEDOS

A experiencia inclúe un percorrido polo viñedo que rodea o Pazo de Toubes, un pazo restaurado, do século XVIII, no corazón do Ribeiro. Coñeceremos o cultivo das variedades autóctonas do Ribeiro no interior dunha adega centenaria. Degustaremos un pícnic entre viñedos, rodeados de tranquilidade e natureza. O pícnic consistirá nunha cesta para dous adultos composta por produtos galegos (botella de viño "Viña Costeira", empanada, queixo, galletas mariñeiras, marmelada, pan, bica...), e os cativos disporán doutra con bolo preñado de chourizo, mosto de uva e bica.

🕒 Domingo 7 de xuño, ás 12.00 h

€ 35 €/adultos

15 €/nen@s (de 5 a 17 anos)

📍 MÁIS INFORMACIÓN:

Pazo de Toubes / Viña Costeira

Tel.: 648 237 385

www.costeira.wine/enoturismo-galicia

enoturismo@costeira.es

EXPERIENCIA TERMAL

Laias Caldaria Hotel Balneario ofrece un tratamento de hidroterapia (bañeira de hidromasaxe) e unha envoltura Baco.

🕒 Consultar

€ 35 € | Requírese reserva previa

📍 MÁIS INFORMACIÓN:

Laias Caldaria Hotel Balneario

Tel.: 988 280 409

www.caldaria.es

reservas@caldaria.es



Adegas participantes

Adegas participantes en Enoturismo Galicia, Primavera de Portas Abertas



Valdeorras Ruta do Viño



- Adegas Daniel Fernández
- Bodegas Ladairo
- Bodegas Triay
- Pazo de Valdeconde
- Vía Arxéntea

- A Bágao
- A Coroa
- Adegas Alan de Val
- Adegas Melillas e Fillos
- Adegas O Casal
- Bodega Roandi
- Bodegas Blare
- Bodegas Godeval
- Cova da Xabreira
- Joaquín Rebolledo
- O Luar do Sil
- Quinta da Peza
- Sampayolo
- Terriña

- Adegas Eidos
- Adegas e Viñedos Paco & Lola
- Adegas Terra de Asorei
- Adegas Valmiñor
- Bodega Casa da Barca
- Bodegas As Laxas
- Bodegas Fillaboa
- Bodegas Martiñ Códax
- Bodegas Señorío de Rubiós
- Bodegas Viña Nora
- Bouza de Carril
- Lagar da Cachada
- Lagar de Besada
- Lagar de Fornelos
- Pazo de Almuíña
- Terras Gauda
- Torre Penelas

- Adegas Cachín
- Adegas Vella
- Bodega Proencia
- Bodega Ribada
- Casa Moreiras
- Condado de Sequeiras
- Ponte da Boga
- Rectoral de Amandi
- Ronsel do Sil
- Val de Quiroga
- Vía Romana

- A Vilerma
- Adegas Pousadoiro
- Adegas Celme
- Bodegas Cunqueiro
- Casal de Armán
- Casal do Canteiro
- Cuñas Davia
- Granxa d'Outeiro
- Licores Os Maios
- Pazo de Vieite
- Ramón do Casar
- Viña Costeira



Ilustración portada: Ana Barrado

Diseño: Empatía Comunicación

Edición: Turismo de Galicia

Impresión: Agencia Gráfica

Depósito Legal: C 351-2026


O Enoturismo de Galicia no teu móbil

A aplicación Enoturismo en Galicia pode descargarse gratuitamente dende as tendas de aplicacións das plataformas iOS e Android. A información proporciónase en galego, castelán e inglés, optando o usuario polo idioma que prefira. Esta ferramenta ofrece información sobre todos os establecementos adheridos ás cinco Rutas dos Viños de Galicia: adegas, destilerías, restaurantes, aloxamentos, empresas de lecer, museos, oficinas de información turística, axencias de viaxes especializadas, enotecas, etc. facilitando deste xeito ao usuario o coñecemento do enoturismo da nosa Comunidade Autónoma.

Cada unha das cinco Denominacións de Orixe galegas -Monterrei, O Ribeiro, Rías Baixas, Ribeira Sacra e Valdeorras- son presentadas amosando as características dos seus territorios e dos seus viños. Esta aplicación permite obter unha información precisa de cada recurso xa que automaticamente posibilita realizar unha chamada telefónica, enviar un correo electrónico ou acceder directamente á web propia de cada establecemento, así como tamén ofrece información práctica de como chegar ao mesmo directamente a través de "Google maps".



www.turismo.gal



XUNTA
DE GALICIA

GALICIA
CALIDADE

Xacobeo  2027



Valde  rras Ruta do Viño

